

## 15 Distincións Gallaecia para os viños da D.O. Ribeira Sacra

A **Asociación de Sumilleres Gallaecia** dá a coñecer as Distincións Gallaecia 2022. Os viños distinguidos neste concurso son resultado dunha dobre cata, a primeira nos Consellos Reguladores das D.O. e a segunda con viños de mercado para coñecer o viño que chega ao consumidor final. Todos os viños Distinguidos superaron o corte de 84 puntos (ficha cata O.I.V.). Dos viños catados 110 pertencían á D.O. Ribeira Sacra e obteñen Distincións Gallaecia **4 brancos, 1 rosado e 10 tintos**.

Os Distinguidos Gallaecia en **brancos** son:

- Almalarga 2020 de Alma das Donas S.L.
- Almalarga barrica 2019 de Ama das Donas S.L.
- Condado de Sequeiras 2021 de Grupo Peago S.L.
- Sollío 2021 de Álvarez Rodríguez, Juan Alberto

En **rosados** recibe Distinción Gallaecia:

- Abadía da Cova rosado 2021 de Adegas Moure S.A.

Os Distinguidos Gallaecia en **tintos** son:

- Adobe 2021 de Rectoral de Gundivós S.L.
- Alma3once Barrica 2019 de Alma das Donas S.L.
- Carcava 2019 de Don Bernardino S.L.
- Cruceiro Rexio 2018 de Marcos Fernández, Ramón
- Don Bernardino Finca Mezquita 2016 de Don Bernardino S.L.
- Ibio 2019 de Don Bernardino S.L.
- Melanio 2017 de Don Bernardino S.L.
- Origen 2019 de Regina Viarum S.L.
- Porto De Lobos 2017 de Adegas Ponte Da Boga S.L.
- Rectoral de Amandi 2021 de Bodegas De Rectoral De Amandi S.A.U.

Nesta 20 edición, máis de 50 catadores cataron 638 referencias (incluíndo 50 mostras IXP Augardentes e licores tradicionais de Galicia). O concurso consolídase como un dos mellores concursos de viño, non só en Galicia, se non no territorio nacional.

## Despois da primeira fin de semana de vendima oficial na D.O. Ribeira Sacra supérase o millón de quilos recolleitos

Das 92 adegas que vendiman nesta campaña ao amparo da D.O. Ribeira Sacra, 54 están vendimando, 4 finalizaron a recollida e 34 aínda non comezaron. Tras a primeira fin de semana de vendima oficial entraron en adega **1.257.299 quilos de uva**. As cantidades por variedades distribúense do seguinte modo:

### Variedades tintas

- **Mencia 761.545 quilos**
- Merenzao 41.002 quilos
- Brancellao 7.191 quilos
- Caíno tinto 12.405 quilos
- Garnacha 16.847 quilos
- Mouratón 2.384 quilos
- Tempranillo 501 quilos

### Variedades brancas

- **Godello 334.447 quilos**
- Albariño 49.150 quilos
- Treixadura 20.852 quilos
- Dona Branca 3.632 quilos
- Branco Lexítimo 278 quilos
- Torrontés 1.163 quilos
- Loureira 935 quilos